

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022590	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	4º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

1. Introducción

O colexio C.E.I.P Roxos está situado nunha zona rural de Santiago, sen embargo o nivel socioeconómico é, en xeral, alto, polo que os alumnos/as teñen acceso a todos os beneficios culturais dos nenos de cidade.

Despois de varios anos en que o alumnado de cuarto saía beneficiado da aula exclusiva para a impartición da materia, este curso escolar o alumnado permanece na aula propia e será a mestra quen acuda para a clase de lingua estranxeira. A mestra encargada da materia lamenta esta circunstancia e entrega ao equipo directivo un documento onde expón todas as ventaxas, académicas e didácticas e de organización, que conleva a existencia dun aula de inglés.

O tratamento das catro destrezas (listening, speaking, reading e writing -así coma a interaction incluída no Marco de linguas europeo- e a súa integración é o factor clave do enfoque que se lle dá a esta área. Entendemos o proceso de aprendizaxe da lingua inglesa durante a Educación Primaria o máis similar posible ao proceso de adquisición da propia lingua materna. Nos primeiros momentos da aprendizaxe ponse énfase no desenvolvemento das destrezas orais receptivas. Pouco a pouco vaise traballando o proceso de produción oral con actividades que promoven a máxima participación e colaboración dos nenos e nenas. Por fin introdúcese a lectura con mecanismos encamiñados a obter a mellor entoación e pronuncia e inclúense xa actividades para que comecen a escribir cousas sinxelas. Ó final de segundo curso os alumnos deberían, a lo menos, relacionar significado, pronuncia e representación gráfica das palabras do nivel. Nos catro últimos cursos da educación primaria teríamos como obxectivos xerais o de utilizar de xeito oral o inglés que están aprendendo como lingua de comunicación coa mestra e os compañeiros e compañeiras durante o desenvolvemento da clase, ler de xeito comprensivo textos curtos e sinxelos e producir textos escritos breves e sinxelos sobre temas familiares para eles. Para todo isto danse materiais variados que inclúen historias, diálogos, cancións, rimas, carteis relacionados sempre con temas familiares para os alumnos/as e que poden aparecer en distintos soportes audiovisuais.

Os grupos de cuarto resúltannos descoñecidos polo que un primeiro achegamento con revisión de expedientes, charlas coas titoras e coa mestra de inglés dos cursos anteriores é esencial. A mestra revisa tamén o currículo anterior para favorecer a adquisición lineal dos novos conceptos.

Despois duns primeiros días de repaso e control (mediante observación) elaboramos unha sinxela proba inicial que abarca os tópicos e estruturas que deberían estar asimilados.

O 28 de setembro pasamos a proba inicial. Deste xeito establecemos o nivel existente, observamos as eivas nas que debemos incidir e constatamos cales son os nenos e nenas que presentan dificultades. Ao mesmo tempo, tras levar xa varias sesións de clase, podemos incluír varios comentarios:

O grupo de 4ºA, de 24 alumnos e alumnas, amosan interese e alto grao de participación. Aceptan ben a parte oral de cada sesión, en xeral respetan os turnos, e traballan a bo ritmo en parellas ou pequenos grupos. Pouco a pouco, van aprendendo tamén a levar a cabo unha adicación individual ao traballo de lectura e escritura. Un alumno e unha alumna teñen pendente a materia de 3º curso polo que se lles aplicará o reforzo que requiren. Outros dous nenos teñen dificultades para manter a atención e para rematar as tarefas programadas polo que se lles prestará tamén unha atención máis individualizada.

O grupo de 4ºB, de 25 alumnos e alumnas, ten, en xeral, dificultades para manter ritmo de traballo e atención. Algún alumno, con pouco autocontrol, manifesta actuacións disruptivas co cal o avance na materia vese mermado. Todo o alumnado desta aula superou o currículo de inglés de 3º nivel. Observamos certas dificultades en tres alumnos, aos que ofreceremos atención máis individualizada. Un alumno máis, de máis recente incorporación ao Centro, non recibiu nunca clases de inglés polo que se lle aplicará un reforzo máis exclusivo.

Finalmente, e como xa temos comentado en varias ocasións, 24 e 25 nenos e nenas non é o ideal para unha clase de lingua. Os grupos numerosos ofrecen menos oportunidades de intervención, son máis difíciles de controlar e o avance vese ralentizado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	What do I look like?	<p>Nesta unidade faremos un repaso da propia descrición e dunha terceira persoa. Incluímos algunha nova expresión (co uso básico dos verbos TO BE e TO HAVE) e máis vocabulario. Faise fincapé nas partes do corpo e introducimos a pregunta WHAT'S THE MATTER? para expresar algunha doenza. Representamos unha visita a un doctor ou doctora.</p> <p>Revisamos rutinas: data, tempo atmosférico, estados de ánimo, aniversarios, comezamos ca expresión da hora.</p> <p>Elaboramos un mini libriño con datas de celebracións mensuais.</p>	15	15	X		
2	This is my day	<p>Facemos un repaso de accións (verbos). Utilizamos xogos de mímica e de TPR (total physical response). Introducimos a rutina diaria (tamén en primeira e terceira persoas).</p> <p>Continuamos coa expresión da hora e cada alumno/a elabora un reloxo de cartón para practicar.</p> <p>Aprendemos algún vocabulario relativo a oficios, profesións e ocupacións.</p> <p>Realizamos un pequeno proxecto de "entrevista" ficticia a un persoaxe representativo dunha determinada actividade e facendo fincapé na rutina que debe seguir cada día.</p>	20	20	X		
3	A colourful winter!	<p>Nesta unidade o alumnado fai unha revisión de vocabulario relativo a vestimenta (roupa e algúns accesorios) e as estruturas con WEARING, PUT ON, TAKE OFF, todas elas relacionadas co tema.</p> <p>Xogamos cuns recortables aos que se lles viste cada día coas prendas axeitadas (dependendo do tempo e da ocasión a celebrar).</p> <p>En grupos preparan un pequeno proxecto: representan un cadro (coñecido ou inventado) e describen a situación, o lugar e os persoaxes que interveñen.</p>	25	20		X	
4	Playing, doing.... learning!	<p>Con esta unidade revisamos accións aprendidas e introducimos máis vocabulario.</p> <p>Incluimos xa a forma verbal do PRESENT CONTINUOUS.</p> <p>Unha actividade de roleplay dá pé á revisión práctica da estrutura.</p> <p>Co xogo de mesa (The Giraffe) -que xa</p>	10	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Playing, doing.... learning!	coñecen do primeiro trimestre- axuda a establecer a diferenza coa outra expresión verbal SIMPLE PRESENT e ao repaso de termos novos.	10	15		X	
5	What is for lunch?	Nesta unidade faise un repaso de vocabulario relativo a comidas e bebidas e algún utensilio básico. Empregamos as expresións (moi sinxelas) axeitadas para a elaboración dunha receita, para poñer a mesa, para o feito de comer. Revisamos o punto gramatical THERE IS, THERE ARE (e os correspondentes en forma negativa e interrogativa) O alumnado (esta vez en equipos) realiza un pequeno proxecto da elaboración dun menú. Representan unha cafetería/ restaurante/ cantina dun colexio... Practican o diálogo que tería lugar nun espazo dese tipo.	15	20			X
6	Summer holidays.	Con esta unidade facemos unha revisión das estacións do ano e as súas características (cores, comida, celebracións, animais e paisaxe...) Recrean unha vacación ideal. Elaboran pequenos textos co vocabulario e estruturas que deben ter asimiladas neste momento. Presentan os seus proxectos ao resto da clase.	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	What do I look like?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Aplicar de forma guiada a estratexia previamente seleccionada para captar o sentido global de situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado.	PE	35
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir palabras, frases e textos moi breves (12/15 palabras) sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, a partir de modelos previamente traballados de xeito exhaustivo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global en textos, orais e escritos, breves e sinxelos, sobre temas cotiáns e próximos á experiencia do alumnado, sempre traballados previamente e de xeito exhaustivo.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas (de modo que a mensaxe resulte comprensible) con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e que foron previamente traballados de xeito exhaustivo.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada algunha estratexia (previamente seleccionada) para producir mensaxes breves e sinxelas e axeitadas á intención comunicativa que se esté a traballar.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información, con 3/4 intervencións, sobre temas cotiáns e próximos á súa experiencia, preparadas previamente de xeito exhaustivo e apoiándose na repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.	TI	65
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, alomenos unha estratexia elemental para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves previamente traballados e seguindo modelo e formular e contestar brevemente preguntas sinxelas.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar o sentido xeral e explicar certa información co vocabulario máis básico e con estruturas escollidas de entre tres/catro opcións e de forma guiada.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar de entre dúas estratexias e aplicarlas de xeito guiado para crear pontes que faciliten a comprensión xeral e a produción de información (breve e comprensible).		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Observar as mínimas similitudes e diferenzas entre as distintas linguas que emprega (na pronuncia, vocabulario, ritmo e entonación, tres usos do verbo TO BE)		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar, cada vez cun grao de maior autonomía, certos recursos e apoios para mellorar a capacidade de comunicar (realía, debuxos, xestos, sinónimos, onomatopeias).		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiáns; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiáns básicas. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	This is my day	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Aplicar de forma guiada a estratexia previamente seleccionada para captar o sentido global de situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado.	PE	35
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir palabras, frases e textos moi breves (15/20 palabras) sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, a partir de modelos previamente traballados de xeito exhaustivo.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global en textos, orais e escritos, breves e sinxelos, sobre temas cotiás e próximos á experiencia do alumnado, sempre traballados previamente e de xeito exhaustivo.	TI	65
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas (de modo que a mensaxe resulte comprensible) con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e que foron previamente traballados de xeito exhaustivo.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada algunha estratexia (previamente seleccionada) para producir mensaxes breves e sinxelas e axeitadas á intención comunicativa que se esté a traballar.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información, con 3/4 intervencións, sobre temas cotiáns e próximos á súa experiencia, preparadas previamente de xeito exhaustivo e apoiándose na repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, alomenos unha estratexia elemental para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves peviamente traballados e seguindo modelo e formular e contestar brevemente preguntas sinxelas.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar o sentido xeral e explicar certa información co vocabulario máis básico e con estruturas escollidas de entre tres/catro opcións e de forma guiada.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar de entre dúas estratexias e aplicalas de xeito guiado para crear pontes que faciliten a comprensión xeral e a produción de información (breve e comprensible).		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Observar as mínimas similitudes e diferenzas entre as distintas linguas que emprega (na pronuncia, vocabulario, ritmo e entonación, tres usos do verbo TO BE)		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar, cada vez cun grao de maior autonomía, certos recursos e apoios para mellorar a capacidade de comunicar (realia, debuxos, xestos, sinónimos, onomatopeias).		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Comentar coa mestra e rexistrar, tamén de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer a diversidade lingüística e certos aspectos da diversidade cultural propia de países onde se fala inglés.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.	Aplicar, de xeito guiado, tres estratexias básicas, previamente seleccionadas, para entender os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Técnicas de aprendizaxe.
- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.
- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe.
- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.
- Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo

Contidos
- a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
3	A colourful winter!	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Aplicar de forma guiada a estratexia previamente seleccionada para captar o sentido global de situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado.	PE	35
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir palabras, frases e textos moi breves (15/20 palabras) sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, a partir de modelos previamente traballados de xeito exhaustivo.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global en textos, orais e escritos, breves e sinxelos, sobre temas cotiáns e próximos á experiencia do alumnado, sempre traballados previamente e de xeito exhaustivo.	TI	65
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas (de modo que a mensaxe resulte comprensible) con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e que foron previamente traballados de xeito exhaustivo.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada algunha estratexia (previamente seleccionada) para producir mensaxes breves e sinxelas e axeitadas á intención comunicativa que se esté a traballar.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información, con 3/4 intervencións, sobre temas cotiáns e próximos á súa experiencia, preparadas previamente de xeito exhaustivo e apoiándose na repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, alomenos unha estratexia elemental para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves peviamente traballados e seguindo modelo e formular e contestar brevemente preguntas sinxelas.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar o sentido xeral e explicar certa información co vocabulario máis básico e con estruturas escollidas de entre tres/catro opcións e de forma guiada.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar de entre dúas estratexias e aplicarlas de xeito guiado para crear pontes que faciliten a comprensión xeral e a produción de información (breve e comprensible).		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Observar as mínimas similitudes e diferenzas entre as distintas linguas que emprega (na pronuncia, vocabulario, ritmo e entonación, tres usos do verbo TO BE)		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar, cada vez cun grao de maior autonomía, certos recursos e apoios para mellorar a capacidade de comunicar (realia, debuxos, xestos, sinónimos, onomatopeias).		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuizos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles.

Contidos

- Desenvolver elementos transversais, non se perde de vista ningún dos obxectivos xerais da etapa de primaria que recolle o currículo; trátase de educar ó alumnado en todas as capacidades e valores tamén en inglés. Deste xeito, nas actividades que se realizan en lingua inglesa inclúense coñecementos matemáticos e textos relacionados coas ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e cultura en xeral. Así mesmo traballamos aspectos relacionados coa hixiene e a saúde, alimentación sana etc. . Polo tanto, e aínda que no noso centro non se imparten áreas ou materias concretas en lingua inglesa, dase un enfoque CLIL (content language integrated learning) dentro do horario da área. Non se trata dunha aprendizaxe lingüística e metalingüística do inglés, senón dunha aprendizaxe en inglés.
- Manter a colaboración coa outra mestra de inglés así coma coas titoras de cuarto curso.
- Transmitir certas estratexias de aprendizaxe para facilitar o acceso á lingua estraxeira:
 - * utilizar os debuxos que reproducen as mesmas “flashcards” presentadas para o primeiro achegamento do vocabulario de cada tópico e asociar imaxe e significado en inglés; repetición do novo léxico
 - * elaborar glosarios * levar a cabo actividades de relación entre palabra escrita e debuxo
 - * utilizar os modelos de textos presentados para facer variacións
 - * facer lecturas asiduas de textos sinxelos e coñecidos
 - * acceder á Aula Virtual para practicar actividades que recollen distintas habilidades
 - * facer uso do libro dixital (nunha comunicación ás familias explícaselles cómo acceder á súa Biblioteca Dixital e á plataforma Blinklearning)
 - * corrixir de xeito meticuloso e entender que do erro se aprende
 - * facer unha práctica da materia distribuída en varios días á semana
 - * reflexionar sobre a propia aprendizaxe e facer autoavaliacións
 - * participar activamente en todas as propostas de clase
 - * organizar o seu caderno de clase
 - * organizar os seus tempos coa axuda dun calendario que se lles facilita a partires do segundo trimestre
 - * solicitar apoio no equipo de traballo, nos compañeiros/as, na mestra
 - * facer constante retroalimentación de contidos (coa axuda de actividades extra que se lles proponen)
 - * acudir á lingua materna para reflexionar, comparar, lembrar

En canto aos tipos de agrupamentos podemos establecer o seguinte:

- Posto que a comprensión e expresión oral é parte importante da aprendizaxe dunha lingua, os distintos agrupamentos (parellas, grupos de tres ou catro, grupos máis numerosos puntualmente) é habitual na rutina de aula
- A proposta de varios proxectos ao longo do curso (algúns deles en grupo) obriga ao establecemento de equipos de traballo
- Ao ser esta unha práctica cotiá na clase de inglés o alumnado ten ocasión de inteactuar con todos e cada un dos compañeiros e compañeiras de clase (as actividades de “mingling” -nas que todos se preguntan a todos-, escolla a oito por parte da mestra, grupos segundo a color que se viste ese día, segundo o mes de cumpreanos, segundo teñan ou non unha mascota...)

En canto á organización do espazo e tempos: xa temos comentado a importancia de deixar parte da aula libre de mesas e sillas para poderen inteactuar e realizar actividades de TPR (total physical response) e máis quinestésicas, “roleplays” etc. Isto faise complicado na aula por falta de espazo (puntualmente recurrimos a unha saída ao patio exterior para algunha actividade concreta. Por outro lado sí podemos dicir que nas aulas de cuarto (“home room”), nas que se imparte a materia, manteñen unha disposición de mesas similar á que se viña contemplando na aula que existía para inglés.

A rutina que establecemos en cada sesión inclúe, polo xeral, unha parte oral entre todo o grupo para comentar tarefas, correxir actividades, intercambiar preguntas; unha segunda fase na que facemos uso do espazo libre que poida quedar (en certos recunchos) ou no patio para realizar algunha actividade máis lúdica e así implementar algo aprendido ou para asimilar algunha nova estrutura ou vocabulario mediante o xogo, a música, o vídeo; finalmente hai un tempo individual de traballo escrito (momento que aproveitamos para revisar cadernos e comentar detalles con algún alumno/a, dar apoio e reforzo a quen máis o precisa, resolver dúbidas etc.)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Biblioteca de aula
2. Xogos, puzzles, fotografías, flashcards, posters, realia
3. Soporte educativo e internet
4. Tablet interactiva en cada titoría de 4º
5. Material impreso extra
6. O propio libro de texto

(A mestra transporta os materiais e recursos axeitados e programados para cada sesión. Outros, van sendo elaborados polo alumnado e conservados individualmente para o uso de cada alumno/a).

Concretamos aquí algún tipo de recursos e materiais utilizados: Páxinas web de xogos online: British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/> <https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

Types of games:

- Memory
- Drag it.
- Simon says
- Match it.
- Guess it.
- Whats missing?
- Feely bag - Find it!!

2- Historias e contos (a miúdo publicados na rede): "The selfish giant", "How to save the world in a week", " Where is my baby?", "What can you see?", "What can you hear?"...

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos

polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas: * adiviñar a tarxeta; * memory game; * facer parellas * same or different?

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar: - Snakes and ladders. - Noughts and crosses. - Trivial. - Scrabble.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí: + xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota, + xogos de rol,

+ xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,

+ xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e. Por exemplo:

+ Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

+ Genially: <https://genial.ly/why-genially>

+ Canva: https://www.canva.com/es_419/

+ Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

+ Diferentes blogues

8- Tablet dixital interactiva

9- Caballetes.

10-Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeoclips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos da Infancia...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En canto á Avaliación inicial:

a mestra de inglés tomará interese pola proba inicial realizada a cada alumno pola Orientadora do centro e os/as titores/as correspondentes. Deste xeito pode coñecer de antemán posibles incidencias na aprendizaxe, dificultades de comprensión na propia lingua, retrasos na produción oral etc. Teremos en conta os novos alumnos/as no Centro

. A lingua inglesa contempla tamén unha proba inicial de avaliación. Para esta proba consideráanse as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 22-23. Empregaremos a primeira clase en ofrecer ao alumnado as explicacións pertinentes sobre o funcionamento da clase e o proceso de adquisición da materia. Facilitaranse as ferramentas que deben levar ao alumnado ao éxito na superación dos mínimos que se esixirán (materiais, grao mínimo de consecución, tarefas a realizaren, proxectos programados).

Adicamos a clases do mes de setembro a repaso e reciclaxe de aprendizaxes. Durante este mes observamos o nivel de todas as habilidades lingüísticas a ter en conta. Recollemos apreciacións nunha táboa de indicadores. Neste momento levamos a cabo a proba escrita, instrumento final que empregamos para a avaliación inicial (28 de setembro).

Todo isto terase en conta para o avance na materia. Posto que a adquisición da lingua desenvolve unha continua reciclaxe de linguaxe e estruturas, evitaremos sempre que se atopen eivas que impidan a comprensión de novos conceptos.

Medidas a adoptar en función dos resultados:

- Colaboración estreita co titor ou titora para o seguimento global do alumno/a

- Contacto continuo coa familia

- Atención máis individualizada na aula e cara a unha ensinanza non presencial

- Establecemento dun diario de clase que rexistre as tarefas

- Observación e análise semanal da produción de cada neno/a

- Realización de fichas de apoio con abundante material básico e de repaso
 - Axuda á organización do traballo mediante táboa/calendario
 - Especial atención á autoavaliación
 - Reforzo educativo, con reformulación de actividades, secuenciación simple de contidos e contemplación de formas e instrumentos de avaliación máis axeitados a cada un
 - Deseño de Adaptacións curriculares
- Teñen cabida tamén todas as medidas de atención á diversidade que se relacionan noutro apartado deste documento.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	20	25	10	15	15	100
Proba escrita	35	35	35	30	35	30	34
Táboa de indicadores	65	65	65	70	65	70	66

Criterios de cualificación:

Resumo por unidades:

1. What do I look like?, 15% peso da materia (35% proba escrita e 65% táboas de indicadores)
2. This is my day, 20% peso da materia (35% proba escrita e 65 táboas de indicadores)
3. A colourful winter!, 25% peso da materia (35% proba escrita e 65 táboas de indicadores)
4. Playing, doing... learning!, 10% peso da materia (30% proba escrita e 70% táboas de indicadores)
5. What´s for lunch?, 15% peso da materia (35% proba escrita e 65% táboas de indicadores)
6. Summer holidays, 15% peso da materia (30% proba escrita e 70% táboas de indicadores)

Criterios de cualificación:

O currículo proponnos unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula:

As probas escritas de distinto carácter (test, exames, cuestións sobre unha lectura, elaboración de pequenos textos, murais, diarios...)

No caso da avaliación formativa, serán a observación e seguimento sistemático do alumno ou alumna, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais, actividades de clase, lecturas, pequenos proxectos de investigación, situacións de aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros.

Todos estes aspectos veñen recollidos nas táboas de indicadores que se establecen para cada unidade didáctica (e que reflexarán distintos criterios e graos de consecución segundo a evidencia que se queira valorar)

Deste xeito teremos en conta as habilidades comunicativas e usos da lingua, a realización de tarefas encomendadas, a presentación e organización de traballos baixo aspectos tales como:

escoita atentamente un texto oral e realiza a tarefa indicada

le e entende as historias

recoñece e usa o vocabulario proposto en cada tópico

recoñece e usa expresións e fórmulas básicas de relación social

intenta usar o inglés para comunicarse en clase

consigue realizar as tarefas de comunicación oral usando só o inglés

le e capta o sentido global e específico de textos breves

escribe textos curtos seguindo un modelo

aprende e practica as estruturas lingüísticas do tema que se traballa

participa nos chants e cancións

reproduce axeitadamente aspectos de pronuncia, ritmo e entonación

identifica e expresa a linguaxe de unidades de niveis anteriores

empeza a facer uso de estratexias ou instrumentos de aprendizaxe autónomo

traballa ben por parellas o en grupo
mantén o caderno de clase ordenado, correxido e cumprimentado
amosa fluidez nas exposicións
amosa seguridade e confianza nas exposicións
amosa coherencia nos textos
aplica as estruturas aprendidas
aplica variedade de vocabulario
aplica un contido máis ou menos enriquecido
evoluciona desde os traballos anteriores
amosa capacidade de improvisación
dá resposta máis ou menos acertada ás preguntas que poidan xurdir

Criterios de recuperación:

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Lembramos o carácter cíclico da materia co cal a adquisición é progresiva (temos en conta distintos centros de interese, motivación, ritmo de aprendizaxe, nivel madurativo).

Así mesmo lembramos o carácter acumulativo que se lle supón á aprendizaxe dunha lingua, co cal a reciclaxe de léxico, estruturas, técnicas... é continua.

Apoios individualizados na clase, reforzos educativos, material de revisión son algunhas das medidas que adoptamos.

6. Medidas de atención á diversidade

Como temos destacado nun apartado anterior, a metodoloxía que empregamos tenta ser flexible, lúdica e aberta para permitir integrar no proceso de aprendizaxe a alumnos/as de grande diversidade.

A primeira exposición a un novo léxico vai ser sempre moi visual (con flashcards, mímica e xestos da profesora, accións etc.) o cal fai que, nas fases de presentación, a clase mantense como grupo unido traballando ao mesmo ritmo. Con todo, a mestra respetará os distintos niveis madurativos e os ritmos de aprendizaxe. No segundo ciclo, especialmente en cuarto curso, agardamos xa un esforzo maior na produción oral, e un proceso de iniciación á escrita cada vez máis afianzada. O alumnado comeza a elaborar pequenos textos.

Sen embargo, e co afán de integrar a todos os alumnos/as e respetar os tempos de cadaquén, a mestra ofrecerá unha grande variedade de actividades, xogos e recursos de apoio e motivación. Moitos dos materiais didácticos aportados son susceptibles de ser utilizados de xeito flexible, a maioría das actividades fomentan a comunicación e a cooperación de xeito que toda a clase participe e os xogos e outras actividades en parellas ou en grupos axudan a rebaixar os niveis de ansiedade daqueles nenos e nenas que precisan dun apoio adicional. Para alumnos/as con dificultades graves de aprendizaxe priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes. Así mesmo fomentarase a curiosidade e satisfaceranse as inquiredanzas dos alumnos máis maduros ou aventaxados. Este alumnado ten á súa disposición unha "biblioteca de aula", actividades de extensión, a opción de utilizar os ordenadores que se aportan á aula cada certo tempo para realizar xogos que amplían vocabulario. Dentro da medida do posible (xa que o número de alumnos/as nestes niveis é considerado excesivo para unha clase de lingua), a mestra adicará tempo a un traballo máis individualizado.

Actividades de recuperación e os reforzos para lograr recuperación:

A mestra dispón de materiais (a miúdo de produción propia) cos cales reforzar coñecementos ou aclarar dúbidas.

A mestra elaborará as adaptacións curriculares comprometidas polo equipo de ciclo (non é o caso actualmente).

A mestra realizará reforzo educativo con aqueles alumnos/as que o precisen.

As seguintes son algunhas das accións concretas de apoio empregadas para atender á diversidade e tratar de que todos os nenos e nenas avancen ao seu ritmo e sen se sentiren presionados:

- Aportar apoio visual para introducir calqueira termo -

Aportar apoio visual para contar historias

- Aportar apoio visual para cantar cancións ou chants.

- Ofrecer un número importante de actividades orais previas ás escritas

- Presentar modelos (realizados pola mestra) que den ideas para as creación propias

- Dar a coñecer estratexias suficientes para afrontar un listening, unha exposición, unha actividade escrita

- Facer demostracións diante de todo o grupo (ou en pequenos grupos) para a comprensión de xogos
 - Facer demostracións (en gran grupo ou pequenos grupos) para a realización de tarefas de art and craft
 - Favorecer a cooperación e os traballos en grupo
 - Presentar unha mesma actividade baixo distintos formatos
 - Favorecer un clima relaxado dentro da aula
 - Estimular a satisfacción persoal polo traballo realizado (con actividades de show and tell, con frases de ánimo, con stars, stamps, stickers, coa exposición de proxectos)
 - Ofrecer unha ampla variedade de actividades ao longo da clase
 - Inculcar o hábito de orde e organización do propio material, das tarefas, de control dos tempos
 - Presentar un aula acolledora e que favoreza, dentro do posible, a inmersión na nova lingua (actualmente o alumnado permanece na aula propia da titoría, pero manteremos o clima axeitado de tranquilidade, participación, traballo)
 - Dar prioridade nas actividades de exposición
 - Dar sempre un reforzo positivo
 - Obviar actividades que impliquen reflexión gramatical
 - Buscar estratexias que manteñan o seu interese
 - Valorar o esforzo
 - Aportar aclaracións sinxelas para o traballo telemático
 - Dar alternativas aos nenos e nenas con eivas na educación dixital
 - Facilitar material impreso suficiente que poida compensar as carencias ou atrancos coa tecnoloxía
- Estas son liñas xerais de reforzo para procurar a recuperación de aprendizaxes non adquiridas:

1. Recicla xes continua de aprendizaxes xa adquiridas
2. Priorizar o asentamento das aprendizaxes máis básicas
3. Favorecer unha atención o máis individualizada posible
4. Constante contacto co titor ou titora e coas familias.
5. Rexistro dunha adquisición ben secuenciada de todas as aprendizaxes
6. Facilitar que as tarefas sexan máis globalizadas de xeito que se poñan en práctica varias competencias
7. Promover actividades de auto-aprendizaxe
8. Propoñer pequenos proxectos de investigación
9. Usar os recursos didácticos TIC (libro dixital, páxinas Web, Blogues, Aula Virtual).
10. Seguimento dun diario de clase/ o un calendario que observe unha maior implicación do alumno/a no seu propio proceso de aprendizaxe.

Medidas máis concretas para un alumno e unha alumna de reforzo educativo de 4ºA:

manter un estreito e continuo contacto coas familias

supervisar diariamente o seu caderno de clase e con aportacións escritas da mestra

buscar o contacto visual case continuo para evitar que se dispersen

facilitar actividades extra, sinxelas e clarificadoras, para reciclar o aprendido ou facilitar a comprensión de novos contidos

situálos nun posto privilexiado a carón dalgún compañeiro/a que lle sirvan de apoio no proceso de aprendizaxe

adaptarlle probas e exposicións

esixir os mínimos

Medidas máis concretas para un alumno novo no Centro con ningún nivel de inglés:

manter o contacto coa familia

apoyo individual total durante os 20" da hora de lectura que nos corresponde un día á semana

facilitarlle material extra de iniciación e posterior revisión

integrarlo en todas as actividades de clase (e buscar apoio en compañeiros/as solventes)

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Resolución pacífica de conflitos	X			X		
ET.2 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X		X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - Rexeitamento da violencia	X					X
ET.4 - Educación para a saúde	X			X	X	
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X				X
ET.6 - Educación medioambiental		X	X		X	
ET.7 - Educación para a prevención de accidentes e educación viaria		X				X

Observacións:

Observacións:

Inspirámonos no artigo 17 do Currículo de Educación Primaria para clasificar os elementos transversais que pretendemos abordar (en maior ou menor grado) ao longo das unidades didácticas.

Entendemos tamén que pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante aboralo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

En calquera caso, a mestra encargada da materia manterá contacto estreito co titor ou titora para atopar a coordinación precisa. E, en definitiva, o tratamento de todos os tópicos e temas previstos para o curso escolar desenvolverán unha sensibilidade crítica capaz de desvelar calquera estereotipo sexista, clasista ou racista de xeito que se fomente na clase unha mentalidade aberta e de respecto cara todos.

Asimesmo, e tal e como xa comentamos, trataremos de aproveitar calquera ocasión que se presente para establecer liñas de respecto a todo tipo de familias, de hábitos de hixiene e saúde, de respecto e coidado do material, de actitudes ecoloxistas, de boas maneiras no trato cos demais, de actividades de ocio e deporte, de educación para a paz, de educación viaria etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitarase calquera saída que resulte axeitada para o emprego do inglés e relacionamos vocabulario e estruturas.	X	X	X
Visitas ao Centro	Sempre que a disponibilidad da mestra o permita aproveitamos as charlas e obradoiros que se realizan no Centro para relacionar coa lingua inglesa, lembrar vocabulario e realizar algunha pequena actividade (oral ou escrita)	X	X	X
Conmemoracións da Escola	Samaín, Magosto, Día da Paz, Día do Libro, Día do Medio Ambiente	X	X	X
Conmemoracións específicas da lingua inglesa: Halloween	Representamos escenas relacionadas con esta celebración e destacamos as características propias do evento en contraposición co Samaín	X		
Conmemoracións específicas da lingua inglesa: Christmas	Elaboramos pequenos diarios relacionando as características desta celebración. Destacamos os diferentes aspectos segundo as culturas.	X		
Conmemoracións específicas da lingua inglesa: Valentine's Day	Elaboramos postais con texto sinxelo e destacamos as características propias desta celebración nos países de lingua inglesa		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións específicas da lingua inglesa: Easter	Traballamos sobre unha historia que desenvolve as características propias desta celebración nos países de fala inglesa		X	

Observacións:

Observacións:

A mestra permanece atenta ás propostas dos equipos de Convivencia, Extraescolares, Dinamización, Biblioteca, Tics.

Normalmente aproveitamos algunha das actividades complementarias propostas para levar a cabo algún tipo de exercicio relacionado coa conmemoración: por exemplo durante a semana da prensa aprendemos vocabulario relacionado coas publicacións periódicas e as noticias; co Magosto aprendemos vocabulario relacionado (castiñeiro, recollida de castaña...); ou cunha visita a unha Estación Meteorolóxica lembramos a expresión do tempo atmosférico etc.

Aproveitamos o traballo de aula para coñecer e ampliar léxico e expresións en LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Desenvolveuse a programación establecida e respetáronse (en gran medida) os tempos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Superáronse os inconvenientes da falta de espazo exclusivo para a práctica da lingua inglesa
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as propostas de atención previstas e engadíronse as necesarias cando xurdiron casos puntualmente
Clima de traballo na aula
Estableceuse un ritmo de rutinas, participación, respecto e ritmo de traballo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantivéronse as canles de comunicación coas titoras e resto de equipo docente
Outros
Emprego de Tics na aula.

Descrición:

1. Como temos indicado noutros apartados, a mestra propondrá unha ampla variedade de actividades para o achegamento da LE ao alumnado. Terá especial sensibilidade co alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe e respetará circunstancias puntuais que mermen a capacidade de concentración e/ou traballo e a motivación. Este sería un indicador avaliábel no día a día da actividade de aula e poñeránse as solucións precisas no momento en que observemos que algún alumno ou alumna comence a dar mostras de non seguir o ritmo.

2. As Tic son un recurso máis que empregamos na aula. Non pretendemos facer uso destes elementos absolutamente todos os días de clase, pero entendemos que o indicador vai medir se, por exemplo, o alumnado é quen de acudir á Aula Virtual, se a mestra facilita o acceso ao libro dixital, se utilizamos a pizarra dixital de aula, se o alumnado accede aos ordenadores comúns (que se levan á aula cada certo tempo) para xogos e actividades de reforzo e extensión... (Por outro lado queremos comentar que o acceso á Aula Virtual é un punto proposto como obxectivo do Plan Dixital do presente curso escolar. Pretendemos aplicar este indicador cada mes).
3. O indicador implica a atención individualizada e o seguimento axeitado a todos e cada un dos alumnos/as e, alomenos semanalmente, deberíamos ter o momento de presenza máis próxima da mestra con cada un. Desde o momento da elección de curso e tendo en conta a opinión dos titores de cuarto curso, no momento da Avaliación Inicial, no seguimento dos apoios por parte do equipo de Orientación, nas titorías que se van facendo ao longo do curso etc.
4. De aplicación ao longo do curso, e tratando de corrixir, na medida do posible, o ritmo de clase. Sen embargo non debemos sentirnos presionados polo Currículo: por un lado están presentes todas as continxencias que se poden dar e por outro está o número elevado de alumnos/as en cuarto curso (isto ralentiza as actividades, especialmente as de carácter oral, e establece maior número de niveis de aprendizaxe...)
5. Tratamos de manter a comunicación necesaria co equipo docente e co equipo de Orientación, en especial para aqueles casos de alumnado con maiores dificultades. Ao mesmo tempo, en canto observamos algo anómalo no traballo ou actitude dalgún alumno /a informamos á familia e reunímonos o antes posible. Por outro lado é habitual o envío de información a todas as familias sobre o proceso que estamos levando a cabo e informamos de datas de entrega de proxectos, de datas e contido de vindeiras probas etc.
6. Como xa temos indicado, a falta dunha aula propia para a práctica da lingua inglesa constitúe un inconveniente. De todos xeitos valoramos como un indicador de logro o feito de levar a cabo unha importante variedade de actividades que implican moverse polo espazo da aula, facer grupos etc.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave

.Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

O seguimento dun diario de traballo axudará a atopar posibles deficiencias ou carencias na programación. A mestra amosará a sensibilidade necesaria para intuír os cambios necesarios e estará atenta (con lecturas, cursos, páxinas web) a todas as innovacións metodolóxicas que poidan ser aproveitables.

Na aula víñanse desenvolvendo dende hai tempo unha serie de actividades e rutinas que son xa produto da reflexión sobre o propio traballo cos alumnos e que teñen como obxectivo a mellora da calidade e a integración de todas as capacidades. Trataremos de manter, na medida do posible, as mesmas prácticas en cada aula/titoría onde impartimos a clase.

En referencia ao alumnado comentamos que non queremos transmitir a idea de que realizamos seguimento e avaliación para instalar prexuízos. Pretendemos sen embargo concienciar da importancia do esforzo e o proceso de mellora na aprendizaxe de cada neno e nena. O seguimento do alumnado farase mediante un diario de clase con anotacións baseadas na observación, revisión de cadernos, táboas de cotexo (check lists) que nos indican as evidencias que pretendemos valorar en cada actividade, proxecto, unidade...

Terá tamén relevancia a autoavaliación que recollen as estruturas "xa sei....", "agora podo...."

Indicamos tamén o constante contacto coas familias (mediante reunións presencias, teléfono ou mensaxes Abalar ou correo electrónico) para dar a coñecer o avance na materia e as propostas didácticas que imos acadando.

Para a avaliación teranse en conta táboas de indicadores e probas escritas.

Unha táboa excel axudará a establecer as porcentaxes plantexadas noutra apartado desta programación. Lembramos que, con tres sesións semanais, é complicado levar a avaliación de absolutamente todo o alumnado día a día. Tratamos de facer unha recopilación sistemática de información semanalmente e, obviamente, o seguimento do alumnado con maiores dificultades é máis exhaustivo. As propostas de mellora pasan por facer unha reflexión persoal sobre o esforzo, o compromiso de traballo e o nivel adquirido. Unha vez analizamos onde pode estar a causa da falta de logros e bos resultados podemos atopar solución con titorías coa familia para buscar apoios (a miúdo se lles dá ideas sobre cómo axudar ao alumno/ a en determinados aspectos), revisión semanal de contidos que quedaron pouco claros, incrementar os reforzos positivos para tratar de estimular ao alumno/a, flexibilización nalgún aspecto concreto

que impide o éxito.

9. Outros apartados

1. Establecemento do número de sesións

Quedan establecidas 105 sesións ao longo do curso.

Queremos deixar constancia que, obviamente este número é irreal.

Ao longo do curso danse unha serie de continxencias (unha saída, unha charla, un obradoiro...que coincide cunha sesión de inglés), sesións adicadas a algunha actividade complementaria, algunha ausencia por parte da mestra (por outro lado escasas, sempre xustificadas, a miúdo recuperadas con cambio de clase cun compañeiro/a do equipo docente, e, sempre que é posible, deixando traballo de repaso para que o alumnado realice igualmente) que non permite acadar o número de sesións que temos establecido para cada unidade.

2. Ensinanza dunha lingua

Entendemos que o proceso de ensino (e tamén de aprendizaxe) dunha lingua non é lineal.

Os distintos elementos (tanto de léxico, de gramática... como das distintas destrezas) se superpoñen.

Creemos que o establecemento ríxido e lineal que pretende (en certos aspectos) unha programación non é real.